


# Tema 4.- AS ACTIVIDADES DO SECTOR PRIMARIO



## A.- As actividades do sector primario (páx. 118)

**A.1.-** Define o concepto de *sector primario*.

**A.2.-** Define os conceptos de *agricultura*, *gandería*, *explotación forestal*.





- O **sector primario** é un sector económico que agrupa aquelas actividades que se encargan de obter ou extraer recursos directamente da natureza. Nuns casos da terra, como a *agricultura*, a *gandería* e a *explotación forestal*. Noutros casos do mar, como a *pesca*.









- A **agricultura** é unha actividade agraria dedicada ao cultivo da terra para obter vexetais. Proporciona alimentos para as persoas (trigo, produtos de horta...), forraxes para o gando (millo, trébol, alfalfa...) ou materias primas para a industria (liño, xirasol,...). Esta actividade económica forma parte do *sector primario*.





- A **gandería** é unha actividade agraria dedicada á cría de diferentes especies animais (bovina, caprina, ovina, porcina, avícola...) para o seu aproveitamento polos humanos. Proporciona alimentos (carne, leite, ovos...), fertilizantes, materias primas para a industria (coiro, la...) e, en certos casos forza de traballo. Esta actividade económica forma parte do *sector primario*.











**A.3.-** Analiza a información das páxinas 118 e 119 e responde ás cuestións:

- a)** Que **porcentaxe** da poboación mundial ocupan as actividades agrarias na actualidade? Como **evolucionou** esa porcentaxe desde 1950?
- b)** Actividade 1b) da páx. 118.
- c)** Sinala os **contrastos** entre a porcentaxe de poboación agraria dos países atrasados e dos países máis avanzados e intenta **explicar** a que poden deberse eses datos.
- d)** Indican que **representan** os mapas da páxina 119 e que **tipo de mapas** son.
- e)** Actividades 4 e 5 da páx. 119.





## Evolución del sector primario en España



Fuente: MARM

- *¿Hasta qué momento del siglo pasado puede decirse que España mantenía una economía agraria dominante?*





## B.- O espazo rural e os espazo agrario (páx. 118)


**B.1.-** Define os conceptos de *espazo rural*, *espazo agrario* e *paisaxe agraria* (páx.124).





● O **espazo rural** é o territorio non urbano da superficie terrestre. Inclúe:

- O **espazo agrario**, formado polas terras de cultivo, prados e bosques.
- O territorio ocupado por **outros usos** instalados no medio rural: residencial, industrias, espazos de ocio, vías de comunicación, ...



● As **paisaxes agrarias** son o resultado da transformación do medio natural polas actividades agrícolas, gandeiras e forestais levadas a cabo polo ser humano. Están compostas polo *espazo habitado*, o *espazo traballado* e os *sistemas de cultivo*.

